

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 DE XULLO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de xullo de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de Xullo do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.--

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **don Benito Hermida Atrio**, con domicilio en Rúa Cervantes nº 1,3, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Tomas de Lemos nº 4, baixo, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número dous de Ourense, de 5 de xullo de 2007, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 17.07.07,

polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese **recurso contencioso-administrativo- Procedemento núm. 289/07-A**, a instancia da Mancomunidade I.V. de Concellos do Ribeiro contra acordo de Pleno de data 26 de abril de 2007 relativo a revocación de cesión de Aulas no Colexio da Alameda. No escrito requírese a remisión no prazo de vinte días do expediente administrativo, completo, foliado e debidamente autenticado, acompañándose dun índice dos documentos que conteña, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos emprazamentos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete.”

-“Convenio con estudantes becados para a realización de prácticas preprofesionais na oficina de turismo do Concello de Ribadavia”.

-“Da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, comunicando Resolución de data 11 de xullo pasado, denegando subvención solicitada para a realización de estudos de cobertura, a planificación de novas instalacións ou a realización de proxectos técnicos de telecomunicacións”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.-

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.